

## En Sabarís non hai cultura

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 07 Agosto 2015 16:46

---



En Sabarís non hai cultura, nin en Baredo, nin en Baiña nin en Belesar.

Esta é a conclusión que se pode desprender repasando o programa cultural "[Baiverán 2015](#)" logo de que

**toda a actividade cultural e de lecer organizada polo Concello de Baiona quede centralizada exclusivamente no centro da vila deixando de lado as parroquias.**

A axenda cultural do Concello de Baiona de 2015 deixou de lado ás parroquias do municipio, incluso eliminando as únicas actividades fóra do centro da vila programadas o ano pasado, como eran as sesións de cine na rúa.

Este ano 2015 toda a programación quedou centralizada e focalizada no centro da vila, con todo o que supón de beneficio para os negocios, pero tamén de sobrecarga de aforo e tráfico, algo que tamén volveuse en contra. E iso que, parroquias como Sabarís, contan cun núcleo ben consolidado, un centro urbano propio e espazos adecuados para albergar actuacións musicais, teatro, maxia, ... ou calquera das 107 actuacións programadas para este verán de 2015.

As parroquias teñen que conformarse este ano coas festas locais tradicionais organizadas polas distintas comisións, así como as actividades organizadas a iniciativa das asociacións culturais ou incluso dos propios comerciantes e empresarios que ven na época estival como a única época do ano para poder facer caixa e "capear o temporal do inverno" dada a estacionalidade do turismo na zona.

## En Sabarís non hai cultura

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 07 Agosto 2015 16:46

A cuestión no é un tema baladí se temos en conta que o concello de Baiona nos orzamentos de 2015 aprobou unha partida total 689.114,72 € para "cultura + promoción cultural + festexos e festas populares + turismo" o que supón o 8,5% do total do orzamento según a táboa publicada no BOP dos cales **201.315 euros corresponden a Cultura, 147.403 € a Promoción cultural, 195.150€ a "Festejos y fiestas populares" e 145.246€ a Turismo.**

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DEL PRESUPUESTO DE 2015		
Programa	Denominación	Importe
130	POLICIA LOCAL	745.547,84
133	ORDENACION DEL TRÁFICO Y ESTACIONAMIENTO	33.248,00
151	URBANISMO	337.352,81
1531	ACCESO A LOS NUCLEOS DE POBLACION	40.000,00
1532	PAVIMENTACIÓN DE VIAS PUBLICAS	487.758,26
160	ALCANTARILLADO	136.952,46
161	ABASTECIMIENTO DOMICILIARIO AGUA POTABLE	30.000,00
1621	RECOGIDA DE RESIDUOS	565.973,70
1623	TRATAMIENTO DE RESIDUOS	374.755,00
163	LIMPIEZA VIARIA	147.553,12
164	CEMENTERIOS	31.115,04
165	ALUMBRADO PUBLICO	526.556,83
170	MEDIO AMBIENTE	116.419,45
171	PARQUES Y JARDINES	238.627,43
221	OTRAS PRESTACIONES DE EMPLEADOS	47.789,36
231	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA	323.366,28
241	PROMOCIÓN DEL EMPLEO	95.730,86
320	EDUCACION	408.338,63
326	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS EDUCACIÓN	17.301,32
330	<b>CULTURA</b>	<b>201.315,72</b>
3321	BIBLIOTECAS PUBLICAS	249.403,88
333	MUSEOS Y EQUIPAMIENTOS CULTURALES	223.363,52
334	<b>PROMOCIÓN CULTURAL</b>	<b>147.403,26</b>
336	PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO HISTORICO	50.000,00
338	<b>FESTEJOS Y FIESTAS POPULARES</b>	<b>195.150,00</b>
340	ADMINISTRACIÓN DEL DEPORTE	287.340,00
342	INSTALACIONES DEPORTIVAS	139.700,00
415	PROTECCIÓN RECURSOS PESQUEROS	2.500,00
4312	MERCADOS, ABASTOS Y LONJAS	49.227,50
4313	COMERCIO AMBULANTE	24.359,22
432	<b>TURISMO</b>	<b>145.246,91</b>
4412	OTRO TRANSPORTE DE VIAJEROS	20.000,00
912	ORGANOS DE GOBIERNO	374.162,07
920	ADMINISTRACION GENERAL	564.355,66
9231	GESTION DEL PADRON MUNICIPAL HABITANTES	32.345,47
924	PARTICIPACION CIUDADANA	20.000,00
931	POLITICA ECONOMICA Y FISCAL	441.462,09
943	TRANSFER. A OTRAS ENTIDADES Q. AGRUPEN MUNICP.	162.176,21
	<b>TOTAL</b>	<b>8.033.897,90</b>

## En Sabarís non hai cultura

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 07 Agosto 2015 16:46

---

Mentras as terrazas e as rúas do centro da vila están cheas de xente atraídos de por sí pola singularidade propia do entorno e o aliciente das actuacións e os concertos; as rúas e o centro de Sabarís presentan unha estampa, que salvo pola temperatura da noite, é a mesma que no inverno. Baleiras.

{attachments}

{jathumbnail off}